

procedéndose, de conformidade co determinado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a súa publicación íntegra, que e do tenor literal seguinte:

**ORDENANZA REGULADORA DO DEBER
DE USO, CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN
DAS EDIFICACIÓNS**

CAPÍTULO I
Disposicións Xerais

Artigo 1.—A presente Ordenanza dictase en virtude das facultades concedidas polo artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co precepluado nos artigos 9 e 199 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia do 30 de decembro e os artigos 4 e seguintes do Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado polo Decreto 28/99 do 21 de xaneiro.

Artigo 2.—Este Ordenanza ten natureza de Ordenanza de construción ou de policía urbana, non ligada a directrices de planeamento concreto, por vir referida a aspectos de funcionalidade, saitibridade, seguridade, ornato público e ptivamente tecnicos e esteticos.

Artigo 3.—O ámbito de aplicación da presente ordenanza comprende a totalidade de urbanizacións de iniciativa particular e construcións, edificios e instalacións en xeral situadas en terreos que segundo a Lei de Ordenación Urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello son susceptibles de edificación.

CAPÍTULO II

Do obxecto e das obrigas dos propietarios

Artigo 4.

1.—Constitúe o obxecto da presente ordenanza, “Deber de Conservación, Uso e Rehabilitación de edificacións” contempladas no artigo 3, en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade e ornato público e sempre con suxección ás normas sobre protección do medio ambiente e do patrimonio histórico-artístico e de rehabilitación. Este deber correrá a cargo dos propietarios.

2.—Así mesmo e por motivos de carácter estético esta obriga estenderase especialmente ás fachadas e espazos visibles desde a vía pública.

Artigo 5.—O deber de conservación a cargo de propietarios alcanza ata o importe dos traballos correspondentes que non excedan o límite do contido normal daquel que, no caso das construcións, está representado pola metade do custo de reposición do ben ou de nova construción con características semellantes, excluído o valor do solo.

Artigo 6.—As obras de conservación, renovación ou reforma estarán suxeitas a previo Informe Técnico elaborado por un facultativo do Concello,

quen consignará os resultados da súa inspección describindo sucintamente as incidencias e medidas a adoptar.

Artigo 7.

1. O Alcalde, de oficio ou a instancia de calquera interesado, ordeará a execución das obras, indicando na resolución os requisitos e prazo de execución, previo informe dos Servicios Técnicos, e dándolle trámite de audiencia ó interesado.

2. Cando a entidade das obras o requira, o Concello esixiralle ó obrigado a solicitude de licenzia acompañada do proxecto técnico correspondente.

3. Transcurrido o prazo concedido sin que os obrigados a elo executasen as medidas precisas, o Alcalde ordeará a incoación do procedemento sancionador.

4. Na resolución, ademais, requerirase o obrigado ou ó seu administrador, para que proceda á execución da orde efectuada que, de non ser cumprida, levarase a cabo polo Concello a cargo do obrigado, a través do procedemento de execución subsidiaria.

CAPÍTULO III

Infraccións e sancións

Artigo 5.—Constitúe infracción urbanística o incumprimento da orde de execución das obras de conservación, renovación ou reforma necesarias, para manter as urbanizacións de iniciativa particular e edificacións en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, tal como dispón o artigo 199 da Lei 2/2002 do 30 de Decembro.

Artigo 9.

1. A infracción a que se refire o artigo anterior será sancionada mediante a imposición de multas coercitivas das que a contía oscilará entre os 300 euros e 6.000 euros, xustificando o seu importe en función das circunstancias que concorran, todo isto sen prexuízo da apertura, se é o caso, do oportuno expediente sancionador.

2. A imposición destas multas reiterarase ata acadala completa execución do ordenado, agás que o Concello opte en calquera momento pola execución subsidiaria.

Artigo 10.—Do incumprimento das órdes de execución das obras de conservación, renovación ou reforma das edificacións, serán responsables os propietarios,

Artigo 11.—O órgano competente para a resolución do procedemento sancionador e o Alcalde, conforme dispón o artigo 21, 1, k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sen prexuízo das facultades de desconcentración nun Concelleiro ou na Comisión de Goberno que poida realizar mediante unha norma de carácter xeral que revistirá forma de decreto.

Artigo 12.—A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real Decreto 1.398/1993, de 4 de agosto.

CAPÍTULO IV Recursos

Artigo 13.—Contra as resolucións da Alcaldía, nas que se plasmen as órdes de execución, que poñan fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza que consta de 13 artigos e unha Disposición final, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Concello e publicado o seu texto no Boletín Oficial da provincia, transcurrido o prazo de quince días a que se refieren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Silleda, a 22 de abril de 2003.—O Alcalde-Presidente, José Fernández Viéitez. 3427

* * *

TOMIÑO

Anuncio de licitación

Aprobado polo Alcalde deste Concello o proxecto técnico e prego de condicións económico-administrativas que rexerá no concurso por procedemento aberto (tramitación urxente) da obra que no punto 2 se indica, expónese ó público polo prazo dos oito primeiros días naturais seguintes ó da derradeira publicación deste anuncio no DOG e no BOP. Simultaneamente anunciase a licitación para a presentación de propostas, podendo aprazarse a licitación no caso de que se formulen reclamacións contra o proxecto ou o prego.

1. *Entidade adxudicadora.* Organismo: Alcaldía. Dependencia: Secretaría.

2. *Obxecto, prezo e prazo do contrato.* “Edificio de usos múltiples en Goián” cun orzamento de licitación de 172.270,28 € (non se admiten baixas) e un prazo de execución de 1 mes.

3. *Tramitación, procedemento, forma adxudicación.* Tramitación: urxente. Procedemento: aberto. Forma: concurso.

4. *Garantías:* Provisional: Non se esixe. Definitiva: 6.890,81 €.

5. *Obtención da documentación e información.* Secretaría do Concello, praza de Calvo Sotelo, 36740 Tomiño; teléfono 986 622 001 / fax 986 622

530), ata o día anterior ó do remate de presentación de proposicións.

6. *Requisitos específicos do contratista.* Clasificación: C-4,5,6,7,8,9-c e os criterios especificados no prego.

7. *Presentación das ofertas.* Prazo: 13 días naturais seguintes á publicación do derradeiro anuncio de licitación no BOP de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia (DOG). Documentación: A esixida no prego. Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Tomiño, das 9 as 14 horas (luns a venres) e de 11 a 13 horas os sábados.

8. *Apertura de ofertas.* Pola mesa de contratación e de conformidade co establecido no prego.

9. *Gastos dos anuncios.* Por conta do adxudicatario.

Tomiño, 30 de abril de 2003.—O Alcalde, José Luis Fernández Lorenzo. 3431

* * *

M O S

Bases para a provisión de tres prazas da estrutura estable ó Grupo Municipal de Intervención Rápida de Mos.

PRIMEIRA.—OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a provisión de tres prazas, en réxime de contratación laboral, para o grupo estable do Grupo Municipal de Intervención Rápida, en aplicación do Convenio de Colaboración asinado entre as Consellerías de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude; de Medio Ambiente e a Federación Galega de Municipios e Provincias, ó abeiro do Protocolo asinado entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias en relación ós Grupos Municipais se Intervención Rápida.

O contrato articularase por acumulación de tarefas, ó abeiro do art. 4 do Rdto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o art. 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, e terá unha duración de 2 meses.

O contrato será a tempo completo, cunha adicación de 40 horas semanais.

Deste xeito, a relación rexeráse pola lexislación laboral, sendo de aplicación principalmente o Rdto. Lex. 1/1995 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e o devandito RD 2720/1998 polo que se desenvolve o artigo 15 do anterior, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ó persoal ó servizo das administracións públicas e especialmente ás locais